



XURADO NOVO #CINEUROPA36

Velaquí o formulario de inscrición para participar no proceso de selección de integrantes do Xurado Novo do #CINEUROPA36, que se celebrará do 4 ao 20 de novembro do 2022 en Santiago de Compostela.

Para formar parte do mesmo, cómpre ter entre 18 e 25 anos e dispoñibilidade para ver durante o festival a selección de filmes que serán sometidos a avaliación (arredor de 20).

Así mesmo, non poderán participar todas aquelas persoas que xa formaran parte dalgún dos Xurados Novos de Compostela Cultura.

O xurado comporá un palmarés que se fará público na derradeira xornada do #CINEUROPA36 e que incluírá as seguintes categorías:

- Mellor Película
- Mellor Director
- Mellor Guión
- Mellor Interpretación Feminina
- Mellor Interpretación Masculina

As persoas integrantes do xurado terán acceso libre a todas as sesións previa retirada de invitación, sempre e cando a capacidade das salas o permita.

Enviar a comunicacion@cineuropa.gal indicando **INSCRICIÓN XURADO NOVO** no asunto.

Prazo límite para o envío do formulario: 17 de outubro.

Enderezo de correo electrónico:

Nome e apelidos:

Teléfono:

Data de nacemento:

Envíanos unha foto (con boa resolución)

1. Explicanos quen es en 140 palabras
2. Nomea dúas directoras e dous directores da túa preferencia
3. Indica os teus cinco filmes preferidos
4. Cal foi a última película que viches en Cineuropa? E noutras salas?
5. A cantas sesións asistiches o ano pasado en Cineuropa?
6. Que filme che gustaría ver nesta edición do festival?
7. A quen lle darías o Premio Cineuropa?
8. Que outros festivais de cinema coñeces en Compostela?
9. Con que frecuencia vas ao cinema?
10. Por que queres formar parte do xurado?